



## ANUNCIO CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA A ELABORACIÓN DUNHA NOVA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BURELA

Conforme ao previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas co fin de promover a participación dos cidadáns na elaboración das disposicións xerais, facendo efectivos os principios contidos nos artigos 9.2 e 105 da Constitución Española, previamente á elaboración do proxecto de Ordenanza de administración electrónica do Concello de Burela procédese a solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas que puidesen estar afectados pola norma que se pretende aprobar.

Preténdese coa evacuación desta consulta, obter información concernente ás oportunidades que presenta a elaboración da norma, tanto de solucionar problemas existentes, como de achegar melloras á calidade de vida dos cidadáns, obter alternativas á regulación e obter información acerca da necesidade e procedencia da súa aprobación así como da posible ampliación dos obxectivos perseguidos.

Os cidadáns e entidades que o consideren oportuno poderán facer chegar a este Concello as súas opinións e achegas polo prazo de (dez a quince días) a contar desde o seguinte á publicación do presente anuncio na páxina web do Concello. Ditas achegas deberán presentarse en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O obxectivo fundamental perseguido coa aprobación da norma é regular a ampliación e funcionamento da administración electrónica neste Concello, rexendo tanto o seu funcionamento interno como as súas relacións cos cidadáns, facendo efectivos estes e mellorando os servizos que se lles prestan, todo iso en cumprimento e desenvolvemento da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e das súas disposicións concordantes.

Unha opción non regulatoria non se contempla ao existir xa nesta entidade local unha ordenanza de administración electrónica, aprobada tendo en conta as disposicións da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

